

REGISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 23/12/2021 9:29:19

SAIDA 19825/21



Reclamante: [REDACTED]

Expediente. Nº RSCTG 185/2021

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por [REDACTED], mediante escrito do 15 de novembro de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 21 de decembro de 2021, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 15 de novembro de 2021, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Resolución do 12 de novembro de 2021, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade pola que se resolve a súa solicitude de información sobre a existencia de reclamación presentada contra o seu baremo no concurso de traslados entre persoal funcionario docente convocado por Orde do 8 de outubro de 2019.

O reclamante indica que a Consellería na resolución recorrida afirma que non se presentou ningunha reclamación contra o seu baremo provisional e a modificación da puntuación outorgada no baremo lévase a cabo pola actuación dos servizos administrativos e considera que non se corresponde coa realidade, xa que o consultou en Persoal de Secundaria e díxeronlle que se presentara reclamación contra o seu baremo.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e da resolución contra a que se presenta a reclamación.

Segundo. Con data do 17 de novembro de 2021 déuselle traslado da documentación achegada pola reclamante á Consellería de Cultura, Educación e Universidade para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

Terceiro.- Con data do 30 de novembro de 2021, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade remite informe no que en indica que con data do 12 de novembro a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, notificoulle a resolución na que se lle comunicaba ao solicitante a concesión do acceso á información pública, indicándolle que non se presentou ningunha reclamación ao seu baremo e que a modificación da puntuación outorgada no seu baremo provisional levouse a cabo pola actuación dos servizos administrativos, e reitera o indicado no informe do 13/07/2021 (RSCTG 79/2021) para dar contestación ao demandado no RSCTG 185/2021.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa

tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que o interesado se lle notificou a resolución con data do 12 de novembro de 2021, e a reclamación a interpuxo con data do 15 do mesmo mes, debe admitirse a mesma por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O interesado solicitou acceso á reclamación presentada contra o seu baremo no concurso de traslados entre persoal funcionario docente, obtendo inicialmente como contestación, unicamente un correo electrónico dun funcionario da Consellería, onde se lle indicaba que non consta que o reclamante presentase reclamación algunha ao baremo do concurso xeral de traslados do curso 2019/2020. Contra esa resposta, o interesado presentou reclamación a esta Comisión (expediente RSCTG 72/2021), resultado da cal, a Consellería a resolveu expresamente.

De acordo coa definición de información pública da Lei galega 1/2016, e da Lei básica estatal 19/2013, as solicitudes de acceso deben estar baseadas en información xa existente e dispoñible, en poder dun organismo ou entidade suxeita á Lei, no momento no que se produce a solicitude e, ademais, debe ser información elaborada ou adquirida no exercicio das súas competencias.

No marco dunha solicitude de acceso á información, cando se solicita unha información ou unha documentación que non existe, como é neste caso, unha reclamación a un baremo que se ben figura que existiu nun oficio remitido pola Consellería, confirma mediante resolución do 12 de novembro que non existe, o suxeito obrigado cumpre, indicando ao solicitante con claridade, que a información solicitada non existe. De acordo co anterior, considérase axeitada a resposta dada pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade respecto da información que non existe.

ACORDA

Único.- Desestimar a reclamación presentada por [REDACTED] contra a Resolución do 12 de novembro de 2021, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade pola que se resolve a súa solicitude de información sobre a existencia de reclamación presentada contra o seu baremo no concurso de traslados entre persoal funcionario docente convocado por Orde do 8 de outubro de 2019.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA
DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2021.12.23 08:34:53 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.